

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión ordinaria da Xunta de Goberno que se celebrará o día 5 de marzo de 2021, ás 12:00 horas.

ASUNTOS

Información e actas

1. Aprobación da acta da sesión anterior, número 4/2021 de 19 de febreiro.

Asesoría Xurídica

2. Dación de conta da Resolución da Presidencia nº 5492/2021, de 17/02/2021, pola que se dispón a comparecencia no recurso PA 7/2021, do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 3 dos da Coruña, sobre responsabilidade patrimonial.

3. Dación de conta da Resolución da Presidencia nº 5493/2021, de 17/02/2021, pola que se dispón a comparecencia no recurso PA 229/2020, do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 4 dos da Coruña, sobre sanción de tráfico.

4. Dación de conta da Resolución da Presidencia nº 6309/2021, de 23/02/2021, pola que se dispón a interposición de recurso de apelación contra a sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 3 dos da Coruña, de data 17/02/2021, recaída no recurso PO 14/2020, interposto por Sociedade Deportiva O Val de Narón, sobre reintegro de subvención.

5. Dación de conta da Resolución da Presidencia nº 6311/2021, de 23/02/2021, pola que se dispón a comparecencia no recurso PA 46/2021, do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 dos da Coruña, sobre plusvalía.

6. Dación de conta da Resolución da Presidencia nº 6344/2021, de 24/02/2021, pola que se dispón o acatamento e cumprimento da sentenza da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de 18/02/2021, recaída no recurso de apelación 15014/2020, interposto por "Gallega de Distribuidores de Alimentación S.A (GADISA)", contra sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 4 dos da Coruña, de 10/02/2020, recaída no recurso PO 166/2017, sobre tributos.

7. Dación de conta da Resolución da Presidencia nº 5971/2021, de 22/02/2021, pola que se dispón o acatamento e cumprimento da sentenza da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de 17/02/2021, recaída no recurso de apelación 166/2020, interposto polo Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos, contra sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 4 dos da Coruña, de 20/12/2019, recaída no recurso PA 163/2019, sobre función pública.

8. Dación de conta da Resolución da Presidencia nº 6343/2021, de 24/02/2021, pola que se dispón a interposición de recurso extraordinario por infracción procesal e de casación contra a sentenza da Sección Terceira da Ilma. Audiencia Provincial da Coruña, de data 12/02/2021, recaída no recurso de apelación 600/2020, interposto por Dña. María del Carmen Martínez-Bordiú Franco y otros, contra sentenza do Xulgado de Primeira Instancia nº 1 dos da Coruña, de 02/09/2020, recaída no PO 752/2019, seguido a instancia da Administración do Estado, en exercicio de acción reivindicatoria, de rectificación do rexistro da propiedade e de nulidade de negocios xurídicos.

Servizo de Asistencia Técnica a Concellos

9. Aprobación dun informe sobre Rexeneración e reforzo dos pavimentos de rodaxe nos viarios municipais 2020 do Concello de Santiago de Compostela

Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego

10. Dación de conta da Resolución de Presidencia n.º 2021/5674 do 18 de febreiro de 2021, pola que se avoca a competencia para aprobar as bases reguladoras do programa de socorrismo dirixido a concellos do interior da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes durante o exercicio 2021.

Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos

11. Aprobación das Bases específicas que rexerán os procedementos selectivos de prazas contidas nas Ofertas de emprego público desta Deputación Provincial

ROGOS E PREGUNTAS